

John Thompson

«A II República divide aos nacionalistas polo seu vencello co Estado»

Na presentación realizada en Compostela este verán, salientaba Antón Figueroa entre os meirandes valores d'As *novelas da memoria* o feito de estar escrito por un estranxeiro. Por alguén para o que certas tensións que rexen este campo cultural se poderían presupor opacas, cando tal vez unicamente resulten lidas desde un espazo novo e suxestivo. A distancia no ensaio de John Thompson (Montana, EUA, 1971) non devén mecanismo minimizador da implicación, sitúase nos esteos dun discurso que liga ficción e lembranza. // Ana Salgado // Foto: Tamara de la Fuente

Unha das teses que fundamentan o seu ensaio é que a novela é xénero privilexiado para a transmisión da memoria. Por que o considera así?

A novela ofrece unha inmersión na Historia máis intensa que outros xéneros como a historiografía, o documental ou o cinema. A novela deixa o lector vivir vicariamente a Historia, é dicir, vivir a Historia como se estivese nela. A intensidade da experiencia vén do esforzo intelectual do lector. Un filme dura dúas horas aproximadamente e acabouse. A duración dunha novela adoita ser maior. Ademais, mentres un filme fornece ao espectador con imaxes visuais, o lector ten que reproducir as imaxes a través da palabra escrita, o cal comporta un exercicio intelectual máis esixente. Cada xénero é imprescindible, pois é evidente que para obter datos e análises científicos cómpre acudir ao texto historiográfico ou ao documental. Mais é difícil que, por exemplo, a xente nova se interese na II República e no trauma provocado polo franquismo a través dun libro historiográfico. É preciso un xénero que transmita as psicoloxías e as emocións vencelladas cos feitos e figuras históricos, e a novela cumpre esta función.

Que sentido lle dá ao esquecemento no seu traballo? E a ese xa lugar común que fala “doutra novela máis sobre a guerra”?

Paréceme acertada a reflexión de Todorov, quen di que a memoria non é o contrario do esquecemento, senón que a memoria é un esquecemento parcial en ambos os dous sentidos da palabra, que é necesario para dar sentido ao pasado. No relativo a ese cansazo que algúns teñen sobre a temática da guerra civil nas novelas, penso que tales afirmacións son moi desafortunadas. Se hai tanta rememoración da guerra civil nas novelas e no cine é en parte porque son as únicas esferas en que a memoria se pode articular libremente. Se se fixese unha recuperación da memoria a nivel oficial, nos medios, na igrexa católica, na dereita española, seguiría habendo literatura con esta temática, por suposto, mais seguramente non tanta. Trataríase dunha memoria máis libre, menos subalterna, e entón non faría tanta falta o discurso literario para transmitila. O pensamento político se non é histórico non é pensamento político. Non podemos ignorar o que pasou, senón somos “apolíticos”. Existen figuras na esquerda, nacionalista e non naciona-

lista, ás que non lles interesa a memoria, non lles parece importante para a democracia e a construción nacional. É moi desafortunado ademais tendo en conta que esta memoria aínda está restrinxida á esfera artística, a única na que pode existir dun xeito libre.

Acode á obra de dous estudosos da literatura desde paradigmas teóricos por veces opostos, González Millán e Francisco Rodríguez, para falar do desinterese dunha parte do nacionalismo pola memoria da guerra.

O nacionalismo galego está dividido canto á asunción histórica desa etapa. Reivindicar a II República como modelo que cumpriría seguir no presente supón apoiar un nacionalismo galego vencellado co resto do Estado. Esta idea non calla no pensamento de Rodríguez e Millán. Acho que o Bipartito se implicou bastante na recuperación da memoria republicana, mais hai figuras do nacionalismo galego que, por exemplo, rexeitan as exhumacións das foxas comúns. No caso de Millán, intereseime moito polos seus conceptos de “nacionalismo literario” e “literatura nacional.” A eiva principal destes conceptos é que ignoran por completo a guerra civil, II República e a ditadura como temática literaria. É certo que a produción literaria galega colleu outro rumbo ao chegar á monarquía constitucional, abríronse novos espazos de creación literaria e o nacionalismo deixou de ter un monopolio ideolóxico sobre ela. Mais ao mesmo tempo que se producía esta transición, un subxénero altamente testemuñal, militante e algunhas veces nacionalista, comezaba a se converter nun dos preferidos polos lectores. Ao deixar fóra das súas análises as obras que versan sobre estas etapas, os conceptos de “nacionalismo literario” e “literatura nacional” deveñen ambiguos e, na miña opinión, pouco efectivos.

Cre que é realmente dominante no Estado español o discurso que equipara os dous bandos enfrontados na guerra?

Na literatura e no cinema non, mais a nivel oficial ese discurso foi moi dominante até hai sete anos, máis ou menos, cando entraron nos medios progresistas e de centro as novas a respecto das exhumacións das foxas. As foxas forneceron, e seguen a fornecer, probas indisputábeis do xenocidio franquista que escuchan as falacias de “todos tivemos a culpa”, “o franquismo foi

máis *light* que o fascismo de Mussolini e Hitler”, etc. Foi grazas ás foxas que a esquerda comezou por fin a tomar en serio a cuestión da memoria. O que ocorre é que os medios principais da sociedade non son progresistas e entón a cultura antifranquista fica fóra as máis das veces. Diría que agora a televisión no Estado é igual que a americana, no senso de rexeitar o pensamento histórico e intelectual. Hai dez anos non era tanto, aínda había espazos relativamente libres do capital. O xornal de masas que xoga un papel moi importante na transmisión da memoria das vítimas é *El País* que, sen ser un medio de esquerdas, está comprometido coa xustiza histórica. Dada a forza divulgativa deste xornal, xa non acho que sexa tan dominante no Estado o discurso que equipara os dous bandos. De todos os xeitos, queda moito camiño para que a versión obxectiva da guerra civil chegue a ser dominante.

Sinala Desfeita de Camilo Gonsar ou Pensa nao de Anxo Angueira como novelas con trazos posmodernos que conteñen ao tempo un profundo sentido histórico. Como o explica?

Estamos a falar dun oxímoro, de novelas que retratan unha sociedade posmoderna e que ao mesmo tempo son antiposmodernas, non teñen nada que ver coa literatura posmoderna que promove o esquecemento. En España a “nueva literatura” e os filmes de Almodóvar oriéntanse ao mercado e ao pracer inmediato, non á reflexión. Sobre o filme *Blade Runner* lin unha vez unha crítica que o cualificaba de posmoderno, e isto non é certo. É un filme que retrata a posmodernidade levada ao seu extremo, mais en realidade é un filme antiposmoderno porque non promove esa sociedade que aparece, xa completamente degradada, contaminada e militarizada. As novelas galegas que menciona tratan dunha parcela do posmodernismo, mais está claro que son completamente antiposmodernas porque promoven a reflexión, a recuperación do pasado e, implicitamente, o rexeitamento ao presente estado das cousas.

Están O lapis do carpinteiro, O bosque das antas, Amor de tango ou Pensa nao entre as novelas que analiza máis detidamente. Sinala algúns trazos que o levaron a unha meirande atención?

Interésanme sobre todo as novelas que crean dalgún xeito un vencello entre os feitos, a historia deses feitos, e o noso presente, porque ao poren os dous planos temporais en contacto o que fan é explorar como ese pasado lles afecta ás persoas no presente. Céntrome no xeito en que cada novela reelabora a memoria. Podemos dicir que esas novelas traballan no que é, a nivel teórico, ensaístico, o meu mesmo espazo.

Aborda tamén o sexismo nas novelas da guerra. Sítúao na tensión entre nacionalismo e feminismo?

Dedico un capítulo á análise feminista porque a misoxinia é prevalente na novelística galega, e non só no subxénero que trata da II República, guerra civil e ditadura. Paréceme algo completamente contradictorio, porque se trata de novelas que promoven unha ideoloxía republicana e antifascista mais ao mesmo tempo discriminan un grupo humano, algo que é unha forma de fascismo. É indispensable que o prisma feminista forme parte de calquera discurso ou análise nacionalista, ou mesmo de calquera análise literaria. Aquí hai misoxinia, como en calquera parte, e a literatura é un reflexo dunha sociedade en que as mulleres están nunha posición social inferior, sofren maltratos. E falando disto recordo que no capítulo dedicado a este tema no libro quedou unha gralla que provoca que se afirme xusto o contrario do que se pretendía. Na páxina 173 debera dicir “se non recoñecemos que a muller é a primeira vítima de calquera sociedade patriarcal estamos a maquillar a realidade”. Despois hai outras vítimas, para o caso da guerra civil ser masón, comunista... mais sempre a muller é a primeira vítima.

Primo Levi afirma que as representacións máis achegadas á realidade son aquelas que exploran a “zona de sombra”.

A novelística galega non ten un problema coa cuestión do maniqueísmo. Porque a diferenza entre bo e mau neste caso é moi clara, sabemos quen eran os maos, os fascistas que se levantaron contra unha democracia que se estaba solidificando e destruírona contra a maioría da vontade popular. Os bos, ben, ninguén é enteiramente bo ou mau mais había unha diferenza moi moi grande, e a novelística galega reflicte bastante fielmente esta realidade.



Interésame este concepto de Primo Levi porque se explora a fondo n’*O lapis do carpinteiro*. Máis ca nas outras novelas, mesmo *O silencio redimido*, que ten a Alfredo Guerra, un personaxe co que tamén afondamos nesta zona gris. E explorala é arriscado, é complicado, porque até que punto debemos buscar un entendemento entre a España fascista e a España republicana? Unha cousa é explorar a zona gris da maneira en que o fai Levi, reparando en como nos campos de concentración chegaban os xudeos esperando atopar alí compañeiros e vían como mesmo estes, as vítimas, estaban en contra deles, que competían cruelmente entre si para sobreviviren. Porén, é moito máis complicado explorar a zona gris dos maos, porque estes matan, son asasinados por oficio. Eles poden fuxir do seu labor de asasinar, mesmo se a única fuxida é o suicidio. Tentar que haxa un entendemento, como unha posamizade entre asasino e vítima, como fai *O lapis do carpinteiro* paréceme moi arriscado.

Ve entón un perigo de falta de fidelidade a unha realidade histórica subxacente, de certa superficialidade?

No seu proxecto ideolóxico *O lapis do carpinteiro* non banaliza en absoluto o fascismo, de feito hai pasaxes que retratan de xeito moi efectivo a barbarie facciosa. O que digo no libro é que en dous casos vai lonxe demais. O da pantasma do pintor, onde hai como unha especie de amnesia e amnistía entre el e o asasino. Tamén no personaxe do sarxento García, que deixa que a muller de da Barca suba ao tren e que os dous pasen a noite nun hotel. Ese camiño pode levar cara á trivialización do horror que foi o xenocidio. *O lapis* interesoume sobre todo por esa razón, porque tenta facer o que outras non fixeron, mais faino indo lonxe demais, porque entre un asasino e unha vítima non pode haber entendemento. A vítima non é necesariamente boa, mais o asasino é mau. Creo que aí *O silencio redimido* faino dun xeito

máis efectivo e máis verosímil, no personaxe de Alfredo Guerra, porque non crea unha amizade entre verdugo e vítima e non o fai dunha maneira xocosa. Aínda que explora o lado humano deste personaxe, que é un asasino, respecta os límites. En xeral non atopei banalización na narrativa que analizo, non sendo en *Memoria do soldado* de Alfredo Conde, na que se retrata a guerra nun plano alegórico e na que os dous bandos son igual de maos e de crueis. Aí falsifícase a historia sobre a guerra civil, mais esa novela non tivo case acollida social, foi ademais bastante rexeitada ou simplemente non lida. Non sendo nesa novela, non se banaliza na narrativa sobre a guerra, os e as novelistas galegos fixeron un labor magnífico á hora de explorar os intersticios entre ese pasado non arranxado e o presente. O que falta é que a crítica literaria tamén explore esas fendas entre o pasado e o presente, a través do ensaio, da política, da análise.

Realidade ou ficción?

Ensaio A novela é conciencia dun trauma colectivo

En poucos anos os efectos da represión tras o golpe militar de xullo de 1936 poden converterse en ficción. En ficción crible. Semella que moitos dos feitos que se sacan á luz nesta temática son relatos máis ou menos ben aproveitados. Mais non: foron dramaticamente reais. Hoxe en día atopámonos ante un intre crucial: a morte das testemuñas que quedan vai deixándonos só como único referente o papel escrito, con todas as consecuencias que comporta. A historia ten un problema: a ausencia do recordo. Cada vez vai resultar menos doado “filtrar” con criterio a información resultante dos tribunais militares ou da documentación xerada pola administración franquista. As leis non escritas, o berro que é tapado de xeito inconsciente polo medo e o terror, as verdades nunca contadas porque non servía de nada comentalas... Toda esa percepción vaixe perdendo por lei de vida.

A memoria individual, fornecedora xunto ós traballos dos historiadores da colectiva, é unha necesidade non só intel-

tual senón tamén biolóxica, de axustar pasado e presente, de equilibrio mental. Creo que esta é a resposta á pregunta que se fai Thompson na obra sobre por que unha parte das testemuñas prefiran narrar o acontecido a través de relatos novelados e non a través do xénero autobiográfico. É evidente que o recordo doe. A utilización da terceira persoa semella ser un paliativo desa dor. A memoria é en si mesma un obxecto de estudo científico, como a historia. Ambos conceptos son complementarios. Necesarios en moitas ocasións. Mais que non discorren polo mesmo rego nin teñen por que ter idénticos obxectivos.

Por que engancha tanto a memoria? Que ten de oculto? E sobre todo, que ten de previsible? Esta circula nos perfís da penumbra, funciona como a apertura dunha caixa de sorpresas silenciosa, que debuxa diluídas sombras espectrais que toman corpo nos maiores monstros da nosa mente. É ben certo que nestas novelas bótase de menos, con contadas e recentes excepcións, un traballo de investigación sobre a “zona gris” do colaboracionismo. A zona da ambigüidade moral. A da descarnada realidade da violencia que non se quere ver. O silencio que tapa. O silencio que demora, que apraza. Mais tamén o silencio que fere por dentro, de tanta dor que resulta mesmo fisicamente incapaz de transmitir. Só a historia é capaz de reconciliar as distintas memorias.

Á maioría dos historiadores fáltanos a vitalidade da comunicación, dun estilo máis directo no ensaio que está ao alcance da literatura máis tradicional. Mais o rol de “notarios

do pasado” non debe ser traducido pola sociedade como os daqueles que fan do pasado un epitafio. Un punto e final. Para algúns a historia semella que ten a capacidade de enterrar, de conxelar os tempos. Este papel “adormecedor” da historia contrasta con aqueloutro que difunde xustificacións apriorísticas incuestionábeis como se de dogmas de fe se tratase. As dúas perspectivas son estáticas e atópanse nos extremos da interpretación histórica porque se algo é a historia é diálogo, é un constante revisar o pasado á luz de novas fontes, novas realidades sociais e novas interpretacións.

Como ben di o autor, estas novelas actúan como “máquinas do tempo”. Cando un lector comeza as páxinas dunha destas obras o primeiro obxectivo é o entretemento, a diversión, compracerse con mareas de letras perfiladas nun papel que provocan sensacións... Entón é cando polos ángulos desprotexidos da mente humana penetran pensamentos do que pretende o autor: xerar emocións e conciencia a través dun trauma colectivo. Dunha memoria que non descansa. // Emilio Grandío Seoane

As novelas da memoria.
Trauma e representación da Historia
na Galiza contemporánea ·
John Thompson ·
Galaxia, 2009 ·
230 páx · 19,50 euros

